

Disposición adicional primeira. *Mutualistas non pertencentes ós corpos que se enumeran no artigo 6, número 3.B).*

1. Manterán a condición de mutualistas aquelas persoas que, non pertencendo ós corpos que se enumeran no artigo 6, número 3.B) están incluídas no campo de aplicación deste réxime especial á entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Os familiares destes mutualistas, así como os seus viúvos, viúvas e orfos, poderán ser beneficiarios das prestacións deste réxime especial nas mesmas circunstancias e condicións cós familiares, viúvos, viúvas e orfos dos restantes mutualistas.

Disposición adicional segunda. *Extensión da acción protectora a anteriores cónxuxes.*

Para os efectos da acción protectora que este real decreto lei dispensa ós viúvos, consideraranse asimilados a eles os que perciban pensión de viuvez de clases pasivas por teren sido cónxuxes de funcionarios incluídos no campo do mutualismo administrativo.

Disposición adicional terceira. *Mutualidades de funcionarios da Administración de Xustiza integradas na Mutualidade Xeral Xudicial.*

1. O Estado garántelles ós socios e beneficiarios da Mutualidade Benéfica de Funcionarios de Xustiza Municipal, da Mutualidade de Previsión de Funcionarios da Administración de Xustiza e da Mutualidade Benéfica de Auxiliares da Administración de Xustiza, integradas na Mutualidade Xeral Xudicial ó abeiro da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 50/1984, do 30 de decembro, as prestacións vixentes en 31 de decembro de 1984.

Non obstante, as pensións que se recoñezan reducíranse ata acada-las contías vixentes en 31 de decembro de 1973, nun 20 por 100 anual da diferenza entre as contías das pensións inicialmente garantidas e as vixentes en 31 de decembro de 1973, operando as ditas reducións a partir do exercicio seguinte á súa concesión.

2. A totalidade dos bens e recursos das tres mutualidades, achegados coa súa integración á Mutualidade Xeral Xudicial, constitúen un fondo especial ó que se incorporan as cotas dos mutualistas afectados e os recursos públicos que lles correspondan. As cotas serán as vixentes en 31 de decembro de 1973.

3. Os gastos imputables ás mutualidades integradas financiaranse cos recursos do mencionado fondo especial, o déficit do cal, se é o caso, será cuberto mediante subvención do Estado.

4. Para os efectos previstos no parágrafo primeiro do número 1 desta disposición adicional, os colectivos de socios mutualistas integrados no Fondo Especial da Mutualidade Xeral Xudicial son os existentes en cada unha das mutualidades en 31 de decembro de 1984.

A opción individual de se daren de baixa nas mutualidades integradas poderá exercitarse en calquera momento, coa perda por parte do beneficiario de calquera prestación e sen dereito á devolución de cotas.

Disposición adicional cuarta. *Réxime do medicamento.*

Para os efectos do establecido no artigo 16.2 deste real decreto lei e de acordo coa disposición adicional décimo sétima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, será de aplicación á prestación farmacéutica deste réxime especial o establecido no artigo 94.6 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, na redacción que se lle dá no artigo 109.3 da citada Lei 66/1997.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. En virtude da súa incorporación a este texto refundido, quedan derogados o Real decreto lei 16/1978, do 7 de xuño, sobre o réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios da Administración de Xustiza, e as súas modificacións posteriores contidas en normas con rango de lei.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste texto refundido.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este texto refundido dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Xustiza, logo de informe, se é o caso, do ministro de Facenda e do de Traballo e Asuntos Sociais no ámbito das súas respectivas competencias, para dictar ou propor ó Goberno, segundo proceda, as normas de aplicación e desenvolvemento deste texto refundido.

(Este real decreto lexislativo inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 162, de data 7 de xullo de 2000.)

## MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

**12140** REAL DECRETO LEXISLATIVO 4/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado. («BOE» 154, do 28-6-2000.)

O réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado foi establecido pola Lei 29/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado. As súas directrices obedecen ós mesmos criterios inspiradores da Lei 193/1963, do 28 de decembro, de bases da Seguridade Social.

Precisamente no campo da protección social viñéronse producindo numerosas modificacións que deron lugar, no seu momento, á promulgación do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. Así mesmo, outras materias concernentes ós dereitos dos funcionarios foron obxecto de novas regularizacións, aclaracións e harmonizacións, especialmente o ámbito da protección social das clases pasivas do Estado; o seu texto refundido foi aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, sen que estes procesos tivesen un reflexo paralelo nas disposicións legais aplicables á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cunha normativa que é nestes momentos complexa e dispersa.

Por iso, o artigo 62 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, facultou o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da súa entrada en vigor, procedese á elaboración dun texto refundido que regularizase, aclarase e harmonizase

a Lei 29/1975 citada e as súas modificacións posteriores, coas disposicións contidas en normas con rango de lei, que incidisen no ámbito do mutualismo administrativo xestionado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

A aprobación da Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, que introduce a situación de risco durante o embarazo como continxencia protexida no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, e as outras modificacións deste réxime recollidas na Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, aconsellaron ás Cortes Xerais a concesión, na última lei citada, dunha prórroga ata o 30 de xuño do ano 2000, da delegación legislativa conferida ó Goberno, co fin de permiti-la integración destas novidades legislativas no texto refundido.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000,

## DISPÓÑO:

### Artigo único.

Apróbase o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado que se insire a continuación.

### Disposición derradeira única.

Este real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Administracións Públicas,  
JESÚS POSADA MORENO

## TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE SEGURIDADE SOCIAL DOS FUNCIONARIOS CIVÍS DO ESTADO

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.*

O réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado réxese polo disposto nesta lei e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, así como pola lexislación de clases pasivas do Estado.

#### Artigo 2. *Mecanismos de cobertura.*

Este réxime especial queda integrado polos seguintes mecanismos de cobertura:

- a) O réxime de clases pasivas do Estado, de acordo coas súas normas específicas.
- b) O réxime do mutualismo administrativo que se regula nesta lei.

#### Artigo 3. *Campo de aplicación.*

1. Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación deste réxime especial:

- a) Os funcionarios de carreira da Administración civil do Estado.

b) Os funcionarios en prácticas que aspiren a incorporarse a corpos da Administración civil do Estado, na forma que regulamentariamente se determine.

2. Quedan excluídos deste réxime especial e rexeranse polas súas normas específicas:

- a) Os funcionarios da Administración local.
- b) Os funcionarios de organismos autónomos.
- c) Os funcionarios de Administración militar.
- d) Os funcionarios da Administración de xustiza.
- e) Os funcionarios da Administración da Seguridade Social.
- f) Os funcionarios de novo ingreso e en prácticas das comunidades autónomas.
- g) Os funcionarios de carreira da Administración civil do Estado transferidos ás comunidades autónomas, que ingresasen ou ingresen voluntariamente en corpos ou escalas propios da comunidade autónoma de destino, calquera que sexa o sistema de acceso.
- h) O persoal de administración e servicios propio das universidades.

### CAPÍTULO II

#### Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado

#### Artigo 4. *Competencia e adscrición.*

1. O sistema de mutualismo administrativo, ó que se refire esta lei, xestionarase e prestarase a través da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), dependente do Ministerio de Administracións Públicas.

2. Esta xestión levaraa a cabo de forma unitaria a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, sen prexuízo das obrigas que lles corresponden ás comunidades autónomas respecto dos funcionarios civís do Estado transferidos e adscritos ó seu servicio.

#### Artigo 5. *Natureza e réxime xurídico.*

1. A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado é un organismo público con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión, e rexerase polas previsións da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, relativas ós organismos autónomos, salvo o disposto no número 2 seguinte.

2. O réxime económico-financeiro, patrimonial, orzamentario, contable e o de intervención e control financeiro das prestacións, así como o réxime dos concertos para a prestación dos servicios de asistencia sanitaria e farmacéutica, será o establecido por esta lei e as súas normas de desenvolvemento; pola Lei xeral orzamentaria, nas materias que sexa de aplicación e, supletoriamente, pola Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado gozará do mesmo tratamento fiscal que a lei establece para o Estado.

#### Artigo 6. *Réxime de persoal.*

O persoal ó servicio da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado será funcionario ou laboral nos mesmos termos cós establecidos para a Administración xeral do Estado.

## CAPÍTULO III

## Incorporación e cotización

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> INCORPORACIÓNArtigo 7. *Afiliación e altas.*

1. Os funcionarios de carreira da Administración civil do Estado incorporaranse obrigatoriamente, como mutualistas, á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, no momento da toma de posesión do seu cargo, cando adquiren a condición de funcionario, ou sexan rehabilitados nesa condición, ou reingresen ó servizo activo, e conservarán a condición de mutualista, cos mesmos dereitos e obrigas que na situación de servizo activo, cando pasen a algunha das seguintes situacións:

- a) Servizos especiais, salvo o disposto no parágrafo c) do número 1 e no número 3 do artigo 8.
- b) Servizos en comunidades autónomas.
- c) Expectativa de destino.
- d) Excedencia forzosa.
- e) Excedencia polo coidado de familiares.
- f) Suspensión provisional ou firme de funcións.

2. Igualmente conservarán a condición de mutualista, nos termos e condicións sinalados polo Regulamento xeral do mutualismo administrativo, os funcionarios cando sexan declarados xubilados de carácter forzoso por idade, de carácter voluntario ou por incapacidade permanente para o servizo.

Artigo 8. *Baixa, mantemento facultativo e suspensión da situación de alta.*

1. Causan baixa como mutualistas obrigatorios:

- a) Os funcionarios que pasen á situación de excedencia voluntaria, en calquera das súas modalidades.
- b) Os funcionarios que perdan tal condición, calquera que sexa a causa.
- c) Os funcionarios que exerzan o dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968, do Consello, do 29 de febreiro.
- d) Os funcionarios que sexan afiliados obrigatoriamente ó réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, en aplicación da disposición transitoria décimo cuarta da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, mentres persista a causa que deu orixe a esta afiliación.

2. Poderán manter facultativamente a situación de alta como mutualistas voluntarios, con igualdade de dereitos, os funcionarios a que se refiren os parágrafos a), b) e c) do número 1 deste artigo, sempre que aboan exclusivamente ó seu cargo as cotas correspondentes ó funcionario e ó Estado.

O exercicio deste dereito de opción axustarase, en canto á forma, prazos e procedemento, ás normas que se establezan regulamentariamente.

3. Poderán optar por suspender a alta na Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, e cesar nos seus dereitos e obrigas respecto dela, os funcionarios incluídos neste réxime especial, que se atopan na situación de servizos especiais por prestaren servizos como persoal da administración da Unión Europea ou doutra organización internacional na que España sexa parte e que estean acollidos obrigatoriamente ó réxime de previsión da mencionada organización, mentres dure esa situación, e sempre que non estean incluídos no suposto recollido no parágrafo c) do número 1 deste artigo.

Artigo 9. *Afiliación a máis dun réxime da Seguridade Social.*

1. O Regulamento xeral do mutualismo administrativo determinará o réxime aplicable ós funcionarios que pasen dun corpo a outro, dentro da Administración civil do Estado, así como o daqueles que ocupen asemade varias prazas por estar legalmente establecida a súa compatibilidade.

2. Así mesmo, determinaranse por vía regulamentaria os supostos e condicións para conservar os dereitos en curso de adquisición de quen pase do réxime do mutualismo administrativo, ó que se refire o parágrafo b) do artigo 2 desta lei, a outros do sistema da Seguridade Social, e inversamente, durante a súa vida profesional.

3. Cando unha única prestación de servizos sexa causa da inclusión obrigatoria dun funcionario público en máis dun réxime da Seguridade Social, poderá optar, por unha soa vez, por pertencer exclusivamente ó réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios públicos que lle corresponda. Se a dobre afiliación afecta a dous réximes especiais de funcionarios, poderá optar, tamén por unha soa vez, por pertencer a un só deles.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> COTIZACIÓNArtigo 10. *Réxime de cotización dos mutualistas.*

1. A cotización á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado será obrigatoria para tódolos mutualistas, con excepción dos mutualistas xubilados e dos que se encontren na situación de excedencia voluntaria para atenderlo coidado de fillos ou familiares.

2. A base de cotización será a que en cada momento se estableza como haber regulador para efectos de cotización de dereitos pasivos.

3. O tipo porcentual de cotización será fixado na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico.

4. A cota mensual de cotización obterase dividindo por catorce a cantidade resultante de aplicarlle á base de cotización anual, reducida se é o caso, o tipo porcentual establecido e aboarse dobremente nos meses de xuño e decembro.

Non obstante, a cotización correspondente ás pagas extraordinarias reducirase, calquera que sexa a data da súa esixibilidade, na mesma proporción en que se minore esta paga como consecuencia de aboarse esta en contía proporcional ó tempo en que se permanecese en situación de servizo activo.

As cotas correspondentes ós períodos de tempo en que se goce de licencias sen dereito a retribución non experimentarán redución na súa contía.

5. O réxime de cotización dos mutualistas, que manteñan facultativamente a súa situación de alta, será o disposto no número 2 do artigo 8.

## CAPÍTULO IV

## Continxencias e prestacións en xeral

Artigo 11. *Continxencias protexidas.*

Os mutualistas e, de se-lo caso, os familiares ou asimilados ó seu cargo quedan concretamente protexidos, de acordo co previsto nesta lei, nas seguintes continxencias:

- a) Necesidade de asistencia sanitaria.
- b) Incapacidade temporal, derivada ben de enfermidade común ou profesional, ben de accidente común ou en acto de servizo ou como consecuencia del.
- c) Incapacidade permanente nos mesmos supostos da alínea anterior.
- d) Cargas familiares.

**Artigo 12. Prestacións.**

As prestacións a que teñen dereito os mutualistas ou os seus beneficiarios, cando se encontren nos supostos de feito legalmente establecidos, serán as seguintes:

- a) Asistencia sanitaria.
- b) Subsidio por incapacidade temporal.
- c) Prestacións recuperadoras por incapacidade permanente total, absoluta e gran invalidez.
- d) Prestacións para a remuneración da persoa encargada da asistencia do gran inválido.
- e) Indemnizacións por lesións, mutilacións ou deformidades causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia del.
- f) Servizos sociais.
- g) Asistencia social.
- h) Prestacións familiares por fillo a cargo minusválido.
- i) Axudas económicas nos casos de parto múltiple.

**CAPÍTULO V****Prestacións en particular****SECCIÓN 1.<sup>a</sup> ASISTENCIA SANITARIA****Artigo 13. Obxecto.**

1. A asistencia sanitaria ten por obxecto a prestación dos servizos médicos, cirúrxicos e farmacéuticos conducentes a conservar ou restablece-la saúde dos beneficiarios deste réxime especial, así como a súa aptitude para o traballo.

2. Proporcionará tamén os servizos convenientes para completa-las prestacións médicas e farmacéuticas e, dun modo especial, atenderá a rehabilitación física para a recuperación profesional dos incapacitados con dereito a ela.

**Artigo 14. Continxencias protexidas.**

As continxencias cubertas pola prestación da asistencia sanitaria son as de enfermidade común ou profesional e as lesións ocasionadas por accidente común ou en acto de servizo ou como consecuencia del, sexa por accidente ou por risco específico do cargo, así como o embarazo, o parto e o puerperio, na extensión e termos que nesta lei se establecen e nos que se determinen no Regulamento xeral do mutualismo administrativo.

**Artigo 15. Beneficiarios de asistencia sanitaria.**

1. A asistencia sanitaria dispensaráselles a tódolos mutualistas incluídos no ámbito de aplicación deste réxime especial e xubilados mutualistas, así como ós beneficiarios de ambos.

2. Para a determinación da condición de beneficiario a cargo dun mutualista deste réxime aplicarase o disposto no réxime xeral da Seguridade Social.

3. O Regulamento xeral de mutualismo administrativo determinará os supostos e condicións en que se dispensará a asistencia sanitaria tanto ós viúvos coma ós orfos de mutualistas activos ou xubilados.

**Artigo 16. Contido da asistencia sanitaria.**

A prestación de asistencia sanitaria comprende:

- a) Os servizos de atención primaria, incluída a atención primaria de urxencia en réxime ambulatorio ou a domicilio, e a atención especializada, xa sexa en réxime ambulatorio ou hospitalario e incluídos os servizos de urxencia hospitalaria, todos eles cun contido análogo

ó establecido para os beneficiarios do réxime xeral da Seguridade Social.

b) A prestación farmacéutica, que inclúe as fórmulas maxistras, as especialidades e os efectos e accesorios farmacéuticos, coa extensión determinada para os beneficiarios do réxime xeral da Seguridade Social. Os beneficiarios participarán mediante o pagamento dunha cantidade porcentual por receita ou, se é o caso, por medicamento, que se determinará regulamentariamente.

c) As prestacións complementarias, para a definición, extensión e contido das cales se terá en conta o disposto no réxime xeral da Seguridade Social.

**Artigo 17. Forma da prestación.**

1. A asistencia sanitaria facilitaraa a Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, ben directamente ou ben por concerto con outras entidades ou establecementos públicos ou privados. Estes concertos estableceranse preferentemente con institucións da Seguridade Social.

2. A Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado non aboará os gastos que poidan ocasionarse cando o beneficiario, por decisión propia ou dos seus familiares, utilice servizos médicos distintos dos que lle fosen asignados, a non ser nos casos que se establezan no Regulamento xeral do mutualismo administrativo.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> INCAPACIDADE TEMPORAL****Artigo 18. Continxencias protexidas.**

1. Terán a consideración de estados ou situacións determinantes da incapacidade temporal, os de enfermidade, accidente e os denominados períodos de observación en caso de enfermidade profesional.

2. Os permisos ou licencias por parto, adopción e acollemento, tanto preadoptivo como permanente, establecidos no número 3 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, non terán a consideración de incapacidade temporal. Se ó termo do permiso por parto continuase a imposibilidade de incorporarse ó traballo, iniciaranse as licencias que dan lugar á incapacidade temporal.

**Artigo 19. Situación de incapacidade temporal.**

1. Os funcionarios que, de conformidade co establecido no artigo 69 do texto articulado da Lei de funcionarios cívís do Estado, aprobado polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, obtivesen licencias por enfermidade ou accidente que impidan o normal desempeño das funcións públicas, encontraranse na situación de incapacidade temporal.

2. Tamén se encontrarán na dita situación os funcionarios que obtivesen licencia como consecuencia de se encontraren en período de observación médica en caso de enfermidades profesionais.

3. A concesión das licencias e o seu control corresponderalles ós órganos administrativos determinados polas normas de competencia en materias de xestión de persoal, co asesoramento facultativo que, se é o caso, coiden oportuno.

4. Para efectos de cómputo de prazos, considerase que existe nova enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente e, en todo caso, cando se interrompen as licencias durante un mínimo dun ano.

5. A duración da primeira e sucesivas licencias será do tempo previsiblemente necesario para a curación e co máximo dun mes cada unha delas.

6. En calquera momento en que se prevexa que a enfermidade ou lesión por accidente impedirá defi-

nitivamente o desempeño das funcións públicas, o órgano de xubilación competente iniciará, de oficio ou por instancia do interesado, o procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo. Por orde ministerial estableceranse os mecanismos necesarios para coordinar as actuacións da mutualidade e as do órgano de xubilación.

#### Artigo 20. *Duración e extinción.*

1. A duración e extinción da situación de incapacidade temporal serán as mesmas cás do réxime xeral da Seguridade Social.

2. Cando a extinción de incapacidade temporal se produza polo transcurso do prazo máximo establecido, prorrogáranse os efectos da situación de incapacidade temporal ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente. Naqueles supostos en que, continuando a necesidade de tratamento médico, a situación clínica do interesado faga aconsellable demorar a posible cualificación do estado do funcionario como incapacitado con carácter permanente para as funcións propias do seu corpo ou escala, tal cualificación poderá demorarse polo período preciso, sen que poida, en ningún caso, dar lugar a que a declaración da xubilación teña lugar unha vez superados os trinta meses desde a data en que se iniciou a incapacidade temporal.

3. O dereito ó subsidio económico por incapacidade temporal entenderase, en todo caso, extinguido polo transcurso do prazo de trinta meses previsto no número anterior.

#### Artigo 21. *Prestación económica.*

1. Na situación de incapacidade temporal, o funcionario terá os seguintes dereitos económicos:

a) Durante os primeiros tres meses, os previstos no artigo 69 do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado.

b) Desde o cuarto mes percibirá as retribucións básicas, a prestación por fillo a cargo, de se-lo caso, e un subsidio por incapacidade temporal a cargo da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cunha contía, fixa e invariable mentres dure a incapacidade, que será a maior das dúas cantidades seguintes:

1.<sup>a</sup> O 80 por 100 das retribucións básicas (soldo, trienios e grao, se é o caso), incrementadas na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondentes ó primeiro mes de licenzia.

2.<sup>a</sup> O 75 por 100 das retribucións complementarias correspondentes ó primeiro mes de licenzia.

A suma resultante non poderá exceder do importe das percepcións que o funcionario tivese no primeiro mes de licenzia.

2. Para os efectos do establecido neste artigo, os soldos, trienios, pagas extraordinarias e as retribucións complementarias, aboaranse con cargo ós mesmos conceptos orzamentarios polos que se viñan percibindo.

#### Artigo 22. *Situación de risco durante o embarazo.*

Terá a mesma consideración e efectos que a situación de incapacidade temporal a situación da muller funcionaria que obtivese licenzia por risco durante o embarazo, nos termos previstos no número 3 do artigo 69 do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> INCAPACIDADE PERMANENTE

#### Artigo 23. *Concepto e graos da incapacidade permanente.*

1. É incapacidade permanente a situación do funcionario que, despois de estar sometido ó tratamento prescrito e de ser dado de alta medicamente, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves que diminúan ou anulen a súa capacidade para o servizo. Non obstará a tal cualificación a posibilidade de recuperación da capacidade de traballo do incapacitado, se esta posibilidade se estima medicamente como incerta ou a longo prazo. A incapacidade permanente deberá derivarse, calquera que sexa a súa causa, da situación de incapacidade temporal.

2. A incapacidade permanente clasifícase de acordo cos seguintes graos:

a) Incapacidade permanente parcial para a función habitual: é a que, sen alcanza-lo grao de total, lle produce ó funcionario unha limitación para o desempeño das funcións do seu corpo, escala ou praza.

b) A incapacidade permanente total para a función habitual: é a que inhabilita o funcionario para a realización de todas ou das fundamentais funcións do seu corpo, escala ou praza.

c) Incapacidade permanente absoluta para todo traballo: é a que inhabilita por completo o funcionario para toda profesión ou oficio.

d) Gran invalidez: é a situación do funcionario afecto de incapacidade permanente absoluta que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesita da asistencia doutra persoa para realiza-los actos máis elementais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

3. Enténdese por función habitual do funcionario, a desempeñada por este no momento de sufrilo accidente común ou en acto de servizo ou como consecuencia del, ou a que viñese realizando en caso de enfermidade durante o período de tempo anterior á incapacidade, que se determina no Regulamento xeral do mutualismo administrativo.

#### Artigo 24. *Efectos da incapacidade permanente parcial.*

O funcionario incapacitado permanente parcial percibirá a totalidade dos haberes que correspondan ó posto de traballo que efectivamente desempeñe. Non obstante, e nos supostos que sinala o Regulamento xeral do mutualismo administrativo, deberá suxeitarse ós procesos de rehabilitación.

#### Artigo 25. *Efectos da incapacidade permanente total e absoluta.*

1. A incapacidade permanente total e a incapacidade permanente absoluta darán lugar á xubilación do funcionario de acordo coa lexislación en vigor.

2. No suposto de que exista posibilidade razoable de recuperación, o funcionario incapacitado terá así mesmo dereito a recibir prestacións recuperadoras por conta da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

#### Artigo 26. *Efectos da gran invalidez.*

A gran invalidez orixinará a xubilación do funcionario e dará dereito a unha cantidade mensual equivalente ó 50 por 100 da pensión de xubilación que lle corresponda conforme o réxime de clases pasivas, destinada a remunerar a persoa encargada da súa asistencia.

### Artigo 27. *Revisión das situacións de incapacidade permanente.*

1. A cualificación e, se é o caso, a revisión das situacións de incapacidade permanente levaranse a cabo de acordo coas normas que regulan o sistema de dereitos pasivos e, cando proceda, coas establecidas en materia de rehabilitación dos funcionarios públicos no ámbito da Administración xeral do Estado, e producirán efectos respecto de tódalas prestacións que puidesen derivarse desa situación.

2. Nos supostos de incapacidade non previstos no réxime de clases pasivas do Estado, a cualificación daquela corresponderalles ós órganos que determine o Regulamento xeral do mutualismo administrativo.

### Artigo 28. *Lesións permanentes non invalidantes.*

As lesións, mutilacións e deformacións de carácter definitivo causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia del, sexa por accidente ou por risco específico do cargo que, sen chegar a constituír incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez, supoñan unha alteración ou diminución da integridade física do funcionario, darán dereito á percepción por unha soa vez das cantidades que se establezan regulamentariamente.

## SECCIÓN 4.<sup>a</sup> PROTECCIÓN Á FAMILIA

### Artigo 29. *Prestacións económicas.*

1. As prestacións económicas de protección á familia serán de pagamento periódico e de pagamento único. As primeiras corresponden ás prestacións familiares por fillo a cargo e as segundas a axudas económicas nos casos de parto múltiple e por nacemento de fillo.

2. As prestacións de protección á familia establecidas nesta lei son incompatibles con calquera outra análoga fixada nos restantes réximes do sistema da Seguridade Social.

3. A prestación por fillo a cargo menor de dezaoito anos non minusválido rexerese polo disposto no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e a prestación por nacemento de fillo rexerese polo disposto no artigo 2 do Real decreto lei 1/2000, do 14 de xaneiro. A súa xestión correspóndelles ás unidades e órganos administrativos que tiñan encomendada a das extinguidas prestacións de axuda familiar, sen prexuízo de que, cando o beneficiario teña a condición de pensionista, a consignación e aboamento das prestacións recoñecidas as efectúen os servizos correspondentes de clases pasivas do Ministerio de Facenda.

4. As prestacións por fillo a cargo minusválido, a xestión das cales lle corresponde á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, rexeranse, igualmente, polo disposto no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

5. O subsidio especial por maternidade no suposto de parto múltiple terá o mesmo contido que no réxime xeral da Seguridade Social.

6. A prestación económica de pagamento único por parto múltiple compatible co subsidio especial a que se refire o número 5, rexerese polo disposto no artigo 3 do Real decreto lei 1/2000, do 14 de xaneiro, coas excepcións propias deste réxime especial.

## SECCIÓN 5.<sup>a</sup> SERVICIOS SOCIAIS E ASISTENCIA SOCIAL

### Artigo 30. *Servicios sociais.*

1. A acción protectora deste réxime especial poderá incluí-los servizos sociais do sistema da Seguridade Social, sempre que as contingencias que atendan non estean cubertas por outras prestacións.

2. A incorporación dos servizos sociais a que se refire o número anterior determinarase por orde do ministro de Administracións Públicas, logo de informe do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, na que se regulará o seu alcance e réxime financeiro.

### Artigo 31. *Asistencia social.*

1. A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado dispensará os servizos e auxilios económicos que, en atención a estados e situacións de necesidade, se consideren precisos.

2. Estes servizos e auxilios económicos terán como límite os créditos que para tal fin se consignen no orzamento de gastos da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, e a súa concesión non poderá comprometer recursos do exercicio seguinte a aquel en que esta teña lugar.

3. As axudas asistenciais comprenderán, entre outras, as que dispense por tratamento ou intervencións especiais, en casos de carácter excepcional, un determinado facultativo; as determinadas por inexistencia, perda ou insuficiencia de prestacións en supostos concretos; as debidas a gastos de carácter urxente en casos de importancia extraordinaria debidamente xustificadas, e, en xeral, calquera outra análoga cunha percepción non regulada nas normas aplicables a este réxime especial.

4. As prestacións asistenciais aludidas no número anterior son independentes das previstas no número 1 do artigo 67 do texto refundido da Lei de funcionarios civís do Estado.

### Artigo 32. *Beneficiarios.*

Poderán acollerse ás prestacións reguladas nesta sección 5.<sup>a</sup>, sempre que reúnan as condicións en cada suposto esixidas, tódolos mutualistas así como os beneficiarios que se determinen regulamentariamente para cada unha das prestacións.

## CAPÍTULO VI

### Réxime económico

## SECCIÓN 1.<sup>a</sup> RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

### Artigo 33. *Réxime financeiro.*

1. Salvo as excepcións que poidan establecerse nas normas reguladoras deste réxime especial da Seguridade Social, o seu sistema financeiro será de reparto e a súa cota revisable periodicamente.

2. Nos casos en que a natureza das prestacións o requira, constituiranse fondos de garantía para cubrir posibles déficits de cotización ou en casos anormais de sinistralidade.

### Artigo 34. *Recursos económicos.*

Para o cumprimento dos seus fins, os recursos económicos da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado estarán constituídos por:

a) As contribucións económicas do Estado a que se refire o artigo seguinte.

- b) As cotas dos mutualistas.
- c) As subvencións estatais e aquel outros recursos públicos de natureza diversa que lle correspondan conforme a normativa vixente.
- d) Os bens, dereitos e accións das mutualidades e montepíos integrados no fondo especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.
- e) Os froitos, rendas, xuros e calquera outro produto dos seus bens patrimoniais.
- f) Calquera outro recurso privado que se obteña para o cumprimento dos seus fins.

#### Artigo 35. *Contribucións e subvencións estatais.*

1. O Estado consignará de modo permanente nos seus orzamentos as contribucións que anualmente lle concederá á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada no parágrafo h) do dito artigo.

2. A contía das contribucións estatais determinarase mediante unha porcentaxe dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos, porcentaxe que se fixará anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. Consignaranse, igualmente, nos orzamentos xerais do Estado, as subvencións precisas para financiar as prestacións por fillo a cargo minusválido, así como o déficit que, se é o caso, se produza no fondo especial regulado na disposición adicional sexta desta lei.

As contribucións estatais serán, en todo caso, independentes destas subvencións, así como de calquera outra das incluídas no parágrafo c) do artigo anterior.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> RÉXIME PATRIMONIAL

#### Artigo 36. *Réxime patrimonial.*

1. O réxime patrimonial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado será o establecido no artigo 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, podendo dispor dos bens patrimoniais propios que resulten innecesarios para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo do disposto no dito artigo para estes supostos.

2. No non regulado polo referido artigo, a administración e xestión do dito patrimonio rexeráse polas disposicións específicas contidas na presente lei, nas súas normas de aplicación e desenvolvemento e, no non previsto nelas, polo establecido na lexislación reguladora do patrimonio do Estado. Entenderanse referidas ó Ministerio de Administracións Públicas e á Dirección Xeral da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado as competencias que na dita lexislación se lle atribúen ó Ministerio de Facenda e Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, sen prexuízo da súa posible delegación ou desconcentración noutros órganos superiores ou directivos e das competencias que correspondan ó Consello Xeral da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

### CAPÍTULO VII

#### Recursos e réxime xurisdiccional

#### Artigo 37. *Recursos e réxime xurisdiccional.*

1. Os actos e resolucións do director xeral da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado non poñen fin á vía administrativa, e contra eles pódese recorrer en alzada ante o ministro de Administracións Públicas. Esgotada a vía administrativa, poderá recorrerse contra

eles na contencioso-administrativa conforme a súa lei reguladora.

2. Exceptúanse do disposto no número anterior e, en todo caso, porán fin á vía administrativa, as resolucións a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as dictadas en materia de persoal polo director xeral da Mutualidade. Nestes supostos, procederá o recurso de reposición, con carácter potestativo, cando corresponda, e o contencioso-administrativo conforme a súa lei reguladora.

3. O recurso extraordinario de revisión poderá interporse na forma que determina o artigo 118 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común citada no número anterior.

4. As reclamacións previas, en asuntos civís e laborais, serán resolvidas polo director xeral da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

#### Disposición adicional primeira. *Supostos especiais de afiliación.*

1. Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación deste réxime especial:

a) Os funcionarios interinos a que se refire o artigo 1 do Decreto lei 10/1965, do 23 de setembro.

b) O persoal funcionario do extinguido Servicio de Pósitos, a partir do 1 de xaneiro de 1985.

c) Os funcionarios do extinguido Padroado Nacional Antituberculoso e das Enfermidades do Tórax que, de acordo co previsto no parágrafo segundo, número un, 2, da disposición transitoria segunda, do Real decreto 187/1987, do 23 de xaneiro, se encontrasen acollidos ó réxime de clases pasivas do Estado, a partir do 30 de xuño de 1990.

d) Os funcionarios civís ó servicio da Administración militar, que exercesen a opción de incorporarse a este réxime especial da Seguridade Social, en virtude do establecido nas disposicións adicionais primeira e terceira das leis de orzamentos xerais do Estado 4/1990 e 39/1992, respectivamente.

2. Poderán incorporarse opcionalmente ó réxime do mutualismo administrativo, sempre que non teñan dereito, por título distinto, a recibir asistencia sanitaria a través dalgún dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social:

a) Os funcionarios que pasasen á condición de xubilados que percibisen pensións de clases pasivas do Estado ó 20 de xullo de 1975.

b) Os pensionistas de xubilación anteriores ó 30 de xuño de 1990 procedentes do extinguido Padroado Nacional Antituberculoso e das Enfermidades do Tórax, acollidos ó réxime de clases pasivas en virtude da disposición citada no parágrafo c) do número anterior.

3. Poderán incorporarse opcionalmente, por unha soa vez, ó réxime especial da Seguridade Social regulado por esta lei, con baixa no réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas:

a) Os funcionarios procedentes dos corpos xerais administrativo, auxiliar e subalterno da Administración militar integrados nos corpos da Administración civil do Estado, en virtude do disposto no número un da disposición adicional novena da Lei de medidas para a reforma da función pública, que presten servicios na Administración militar ou nos seus organismos públicos.

b) Os titulares das prazas non escalafonadas a extinguir de matronas da Dirección Xeral da Garda Civil.

Disposición adicional segunda. *Conservación do réxime de Seguridade Social orixinario.*

1. Os funcionarios que, en virtude do disposto nas disposicións adicionais da Lei de medidas para a reforma da función pública, se integraron en corpos e escalas incluídos dentro do campo de aplicación do mutualismo administrativo, conservarán o réxime da Seguridade Social que tivesen á entrada en vigor da citada lei, salvo o disposto no parágrafo a) do número 3 da disposición adicional primeira precedente.

2. Os membros do extinguido corpo da Policía Armada, así como do igualmente extinguido corpo da Policía Nacional, xubilados con anterioridade ó 1 de febreiro de 1986, conservarán o réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, quedando excluídos do regulado por esta lei.

Disposición adicional terceira. *Beneficiarios de prestacións en supostos especiais.*

Poderán ser beneficiarios das prestacións deste réxime especial nas mesmas circunstancias cós familiares, viúvos e orfos dos restantes mutualistas:

1. Os familiares dos mutualistas que se incorporasen á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado ó abeiro do disposto na disposición adicional primeira, así como os seus viúvos e orfos.

2. Os viúvos e orfos dos que foron funcionarios cunha relación de servizo que levase consigo a condición de mutualista obrigatorio da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado e que non a obtiveron por ter falecido ou ser pensionista de clases pasivas ó 20 de xullo de 1975.

3. Os viúvos e orfos do persoal mencionado nos parágrafos c) do número 1 e b) do número 2 da disposición adicional primeira, falecidos a 30 de xuño de 1990.

Disposición adicional cuarta. *Réxime da Seguridade Social do persoal docente universitario con praza vinculada.*

Os catedráticos e profesores de universidade que, por desempeñaren prazas vinculadas coas institucións sanitarias da Seguridade Social e teren exercido no seu momento a opción a que se refire o artigo 27 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, estean encadrados no réxime xeral da Seguridade Social e en situación de baixa no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, causarán de novo alta neste último cando, continuando a súa función docente, se desvinculen por calquera motivo da praza de facultativo especialista que orixinou no seu momento o dereito de opción.

Disposición adicional quinta. *Extensión da acción protectora a anteriores cónxuxes.*

Para os efectos da acción protectora que esta lei lles dispensa ós viúvos, consideraranse asimilados a eles os que perciban pensión de viuvez de clases pasivas por teren sido cónxuxes lexítimos de funcionarios incluídos no campo de aplicación do mutualismo administrativo.

Disposición adicional sexta. *Fondo especial.*

1. O Estado, a través da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, garántelles ós socios e beneficiarios, sexan ou non funcionarios, das mutualidades, asociacións e montepíos integrados nela ó abeiro da

disposición transitoria primeira da Lei 29/1975, e das disposicións adicionais quinta da Lei 74/1980 e vixésimo primeira da Lei 50/1984, as prestacións existentes en cada mutualidade, asociación ou montepío ó 31 de decembro de 1973 e ó 31 de decembro de 1978, coas contías en vigor en tales datas, segundo se trate de pensións ou de prestacións distintas das pensións, respectivamente.

Non obstante, a garantía inicial do Estado respecto das pensións será a correspondente ás contías vixentes ó 31 de decembro de 1978, aínda que a diferenza ata alcanza-las contías vixentes ó 31 de decembro de 1973 terá o carácter de absorbible e reducirase a partir do exercicio seguinte á súa concesión nun 20 por 100 anual da dita diferenza.

No caso do integrado montepío de funcionarios da organización sindical, a mención feita nos dous parágrafos anteriores ó 31 de decembro de 1978, entenderase referida ó 31 de decembro de 1977.

2. A totalidade dos bens, dereitos e accións das mutualidades, asociacións e montepíos achegados coa súa integración á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado constitúe un fondo especial ó que se incorporan así mesmo as cotas dos mutualistas afectados e os recursos públicos que lles correspondan. As cotas serán as que correspondan ás contías vixentes o 31 de decembro de 1973.

3. Os gastos imputables ás mutualidades, asociacións e montepíos integrados financiaranse cos recursos do mencionado fondo especial, e o déficit, de habelo, será cuberto mediante subvención do Estado.

4. Non poderán incorporarse novos socios ás mutualidades, asociacións e montepíos integrados na Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado. A opción individual de se dar de baixa poderá exercerse en calquera momento, con perda, por parte do beneficiario, de calquera prestación e sen dereito á devolución de cotas.

5. Cando coincida nunha mesma situación ou continxencia a protección que se outorga con cargo ó fondo especial polas mutualidades integradas e a que se dispensa pola Mutualidade xeral, o Regulamento xeral do mutualismo administrativo establecerá as normas aplicables, sen que en ningún caso poida percibirse máis dunha prestación, nin poida esixirse dobre cotización por prestacións substancialmente idénticas.

6. As pensións aboadas polo fondo especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado teñen o carácter de públicas e, conseguintemente, resúltanlles de aplicación os límites legalmente establecidos tanto para o sinalamento inicial como para a súa revalorización, así como para a concorrencia de pensións.

Disposición adicional sétima. *Réxime do medicamento.*

1. Para efectos do establecido no artigo 17 desta lei e de acordo coa disposición adicional décimo sétima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, será de aplicación á prestación farmacéutica deste réxime especial o establecido no artigo 94.6 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

2. As deducións na facturación das receitas correspondentes á prestación farmacéutica, derivadas das colaboracións establecidas ou que estableza a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado cos colexios de farmacéuticos, imputaranse ó orzamento de gastos do exercicio en que se produzan como minoración das obrigas satisfeitas.



Disposición adicional oitava. *Subministración de información.*

1. Os organismos competentes dependentes do Ministerio de Facenda ou, se é o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais, facilitaránlle, dentro de cada exercicio anual, á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, e por petición desta, e de conformidade co establecido no artigo 113 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, os datos relativos ós niveis de renda e demais ingresos dos titulares de prestacións, en canto determinen o dereito a elas, así como dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros das unidades familiares, sempre que deban terse en conta para o recoñecemento, mantemento ou contía das ditas prestacións, co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

2. Os rexistros civís, dependentes da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, en colaboración cos correspondentes do Ministerio de Facenda, facilitaránlle á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, e dentro do prazo de tres meses contados a partir da data en que aparezan os feitos respectivos, os datos persoais informatizados de tódalas defuncións, así como dos matrimonios das persoas viúvas.

3. Os datos que se faciliten deberán identificar, en todo caso, nome e apelidos, documento nacional de identidade e domicilio.

Disposición adicional novena. *Prestacións por minusvalidez a extinguir.*

As prestacións familiares por minusvalidez diferentes das mencionadas no artigo 29 deste texto legal e recoñecidas pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado ó abeiro da normativa anterior manteranse a extinguir, e as que fosen transformadas de oficio na prestación por fillo a cargo que corresponda, e fosen de contía superior a esta, manterán o exceso e este irano absorbendo os aumentos que na prestación por fillo a cargo se produzan.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto neste texto e en particular as seguintes:

a) Na súa totalidade:

1. A Lei 29/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, así como as disposicións expresamente modificativas do seu texto.

2. Disposición adicional quinta da Lei 74/1980, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1981.

3. Disposición adicional terceira, número 1, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

4. Disposición adicional décima da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990.

5. Disposición adicional sexta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

6. O número un, 7, do artigo 82 e a disposición adicional duodécima da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) Na parte que se refire á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado:

1. O artigo 25, número 3, da Lei 12/1983, do proceso autonómico.

2. O artigo 32, número 6, e disposición adicional terceira, número 3, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

3. O artigo 97 e disposición adicional 21 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985.

4. Disposicións adicionais primeira e cuarta e transitoria cuarta da Lei 46/1985, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1986.

5. O artigo 63 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988.

6. O artigo 55 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989.

7. Disposición derradeira terceira da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990.

8. Disposición adicional novena da Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992.

9. Disposición adicional décimo segunda da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

10. Os artigos 75 e 133 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

11. Disposición derradeira segunda da Lei 24/1997, do 15 de xullo, de consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social.

12. Disposicións adicionais quinta e décimo sétima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

13. Os artigos 44 e 62 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

14. O artigo 50 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira primeira. *Harmonización coa Lei de consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social.*

Autorízase o Goberno para proceder á harmonización da normativa especial do mutualismo administrativo, no referente ós seus sistemas de recursos económicos, coas previsións do artigo 86.2 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada polo artigo 1 da Lei 24/1997, do 17 de xullo, de consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social, logo de consulta coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito da función pública. E iso, sen prexuízo do mantemento das peculiaridades que en canto á forma de realiza-la prestación da asistencia sanitaria se conteñen naquela normativa especial.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación da lei.*

A regulación contida nesta lei será de aplicación xeral, en relación cos funcionarios incluídos no seu ámbito de aplicación, ó abeiro do previsto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Administracións Públicas, logo de informe, se é o caso, dos Ministerios de Facenda e de Traballo e Asuntos Sociais, no ámbito das súas respectivas competencias, para dictar ou propor ó Goberno, segundo proceda, as normas de aplicación e desenvolvemento desta lei.